

## 24 e 31 de decembro: folga en Extel Coruña



As traballadoras e traballadores subcontratados por Movistar a través da empresa Extel ? Adecco, están chamados a secundar **dúas novas xornadas de protesta**, con **paros de 24 horas** os días **24 e o 31 de decembro**, para reclamar unhas condicións laborais dignas.

Así mesmo, a **CGT** ten convocada unha **concentración** ante a sede da **nova tenda de Movistar** que abriu na **praza de Pontevedra**, o **24 de decembro ás 12 horas**, para denunciar públicamente as constantes agresións ás que esta multinacional somete aos seus traballadores e traballadoras.

A situación no centro de Extel na Coruña é insostible: sancións desorbitadas de ata 47 días de emprego e soldo, por non tentar vender aos clientes que chaman ao 1004, presión desmedida, berros por parte dos superiores, imposibilidade de conciliar a vida laboral e familiar, modificacións substanciais, salarios conxelados e nulo diálogo co Comité de Empresa e os representantes dos traballadores.

**Sección Sindical da CGT da Coruña en EXTEL**